

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) e con teléfono de contacto 629 571 950, en nome e representación desta entidade,

## EXPOÑO

Que logo da publicación no BOP da provincia da Coruña n.º 14 do xoves 17 de xaneiro de 2008 das Bases para a contratación laboral temporal dun/ha normalizador/a lingüístico/a no Concello de Aranga, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que a contratación de persoal técnico mediante convocatoria pública por parte dos concellos é sempre algo positivo, polo que así valoramos o paso dado polo Concello de Aranga de contratar un técnico ou técnica de normalización lingüística para desenvolver as funcións sinaladas na convocatoria.
2. Nas bases publicadas hai diversas cuestións que cómpre modificar, e algunha que temos que cualificar como grave. Nomeadamente:
  - a. A condición E da base 4.<sup>a</sup> (Condicións dos aspirantes) é, textualmente «Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente». Con respecto a esta condición, a CTNL ten que facer as seguintes consideracións:
    - i. Debido ás funcións que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolverlas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben ser –ou estar para todos os efectos equiparadas ás– prazas de funcionarios/as do grupo A:

doutores/as, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes.

- ii. Polo tanto, debe ser condición das persoas aspirantes estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non simplemente estar en posesión do «título de Bacharelato ou equivalente».
- iii. En relación con isto, cómpre lembrarlle ademais que para a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega por parte da Xunta de Galicia «Os servizos municipais e provinciais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun especialista titulado en lingua galega: licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica (sección galego-portugués)»<sup>1</sup> e que é requisito dos convenios da Deputación da Coruña cos concellos da provincia para a normalización lingüística que «Os servizos municipais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun especialista titulado en lingua galega: licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués); mestre co diploma de especialista en lingua galega ou co diploma do Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega»<sup>2</sup>.
- iv. De todos os xeitos, debido a que non hai unha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, o requisito debería ser estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente (sen limitalo a ningunha titulación concreta) cun proceso selectivo que inclúe unha avaliación completa dos coñecementos e capacidades específicas para o desenvolvemento das funcións do posto.

b. Outras cuestións que non se poden deixar de sinalar son:

---

<sup>1</sup> Véxase o artigo 4.º da Orde do 14 de maio de 2007 (DOG do 25 de maio) pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

<sup>2</sup> Véxanse as bases publicadas no BOP da provincia da Coruña a partir das que se redactaron os convenios asinados entre a Deputación da Coruña e os concellos da provincia para o mantemento dos servizos de normalización lingüística.

- i. Que a convocatoria sexa para unha praza temporal cunha duración dependente da axuda económica da Deputación da Coruña, e que non se establezca esa praza na relación de postos de traballo do Concello.
- ii. Que a contratación se faga só mediante concurso de méritos e non mediante un proceso selectivo no que se avalien os coñecementos e as capacidades reais e prácticas das persoas candidatas para o desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- iii. As retribucións económicas deben ser as mesmas que as de calquera outra praza equiparada ao grupo A de funcionarios/as, pois o requisito debe ser unha licenciatura.
- iv. No proceso de selección non ten ningún tipo de lóxica valorar os antigos cursos xerais de coñecemento da lingua galega, pois a praza ten que ter un requisitos lingüísticos superiores a eses antigos niveis xerais que se sinalan no punto 2 da base 8.<sup>a</sup> (iniciación, perfeccionamento e nivel medio de linguaxe administrativa). Ademais, eses niveis xa foron substituídos segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG do 30 de xullo de 2007).
- v. Se a praza é de normalizador/a lingüístico/a e as funcións son as que se sinalan na base 3.<sup>a</sup>, non ten sentido valorar ao mesmo nivel e coa mesma puntuación no concurso de méritos a experiencia como tradutor/a que como normalizador/a, cando a tradución nin sequera é (nin debería ser) unha das funcións da praza.

## POLO QUE, SOLICITO

- Que para que o Concello de Aranga poida seleccionar o persoal máis e mellor capacitado para desenvolver as funcións concretas que se sinalan na convocatoria publicada no BOP da provincia da Coruña n.º 14 do xoves 17 de xaneiro de 2008, para optimizar o labor do SNL local, para que o Concello de Aranga poida optar ás subvencións para o

mantemento de SNL da Xunta e ao financiamento do SNL por medio dun convenio coa Deputación da Coruña e, en definitiva, para contribuír a mellorar o proceso de normalización da lingua galega desde o Concello de Aranga, se modifique primeiro de nada a condición E da base 4.<sup>a</sup> da convocatoria para que a condición das persoas aspirantes sexa «estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes» e que a praza de técnico/a de normalización lingüística sexa ou estea para todos os efectos equiparada ás prazas de grupo A.

- Que polo mesmo motivo se modifiquen tamén as demais cuestións sinaladas no punto 2 do apartado «Expoño» deste mesmo escrito.
- Que contén co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL do Concello de Aranga.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2008

*\*Remítirase copia deste escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de Aranga e á Deputación da Coruña.*